

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: ADXUDICACIÓN A CÉSAR FREIRÍA PRADO DO CONTRATO PRIVADO DAS BRINCADEIRAS MIÚDAS (PROGRAMA APEGO)

EXPEDIENTE: 14816/2024

ANTECEDENTES:

Dende a área do Servizo de Normalización Lingüística emítese informe proposta sobre a necesidade de adxudicar o seguinte contrato menor:

| | | | |
|---|---|---------------------|---------|
| DENOMINACIÓN DO CONTRATO | ADXUDICACIÓN A CÉSAR FREIRÍA PRADO DO CONTRATO PRIVADO DAS BRINCADEIRAS MIÚDAS (PROGRAMA APEGO) | | |
| SERVIZO AO QUE SE DESTINA O GASTO | SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA | | |
| TIPO DE CONTRATO | CONTRATO PRIVADO POR RAZÓN S ARTÍSTICAS | | |
| XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO CONTRATO | Dúas sesións de 2h e 30 min da actividade Brincadeiras Miúdas no Milla-doiro e en Bertamiráns (música, obradoiro de xogo libre e obradoiros de creación de xogos) co obxectivo de dinamizar e fomentar o uso da lingua entre as crianzas dende o lecer. | | |
| XUSTIFICACIÓN DA IMPOSIBILIDADE DE QUE SEXA PRESTADO POLA ADMINISTRACIÓN | ----- | | |
| OBXECTO DO CONTRATO | Brincadeiras Miúdas de Cé Orsquestra previstas para os días 4 e 5 de setembro no Parque do Ameneiral de Bertamiráns e na Carballeira de Ventín, sempre e cando as condicións climatolóxicas permitan o normal desenvolvemento da actividade. | | |
| ESPECIFICACIÓN S TÉCNICAS DA PRESTACIÓN | ----- | | |
| DURACIÓN DO CONTRATO | 2 días. | | |
| VALOR ESTIMADO | 1560 euros. | | |
| ORZAMENTO DO CONTRATO | ORZAMENTO BASE DA LICITACIÓN | | 1.560 € |
| | IVE (10%) | | 156 € |
| | TOTAL ORZAMENTO | | 1.716 € |
| ORZAMENTO DO CONTRATO-ANUALIDADES | Ano 2024. | | |
| FORMA DE PAGO DO PREZO | Pago único. | | |
| XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DO Art. 118.1 LCSP | O contrato proposto axústase ás características do contrato menor, por tratarse de actuacións de carácter puntual que responden a necesidades que non se repiten no tempo, polo que non supera os límites temporais e cuantitativos e cualitativos establecidos no artigo 118.1 da LCSP para este tipo de contratos, de forma que non se está alterando o obxecto co fin de evitar a aplicación dos límites establecidos no artigo 118.2 da LCSP. | | |
| OFERTAS SOLICITADAS | Unha. | | |
| CRITERIOS DE SELECCIÓN EMPREGADOS | Oferta única. | | |
| CONTRATISTA PROPOSTO | En virtude da memoria que consta neste expediente (Anexo I) e dos criterios que se tiveron en conta para a súa valoración, o servizo responsable do gasto propón adxudicar o contrato menor indicado no á seguinte entidade ao considerar que é a oferta de mellor relación calidade-prezo para os intereses da Administración. | | |
| | Denominación Social | CÉSAR FREIRÍA PRADO | |
| | CIF/NIF | 36129107V | |

| | |
|----------------------|---------|
| BASE | 1.560 € |
| IVE (10%) | 156 € |
| Total Prezo contrato | 1.716 € |

Por todo o exposto esta Alcaldía no uso das súas atribucións, particularmente as previstas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVE:**

Primeiro.- Adjudicar o seguinte contrato menor:

| | | | | | | | | |
|--|---|--|------|---------|-----------|-------|----------------------|---------|
| DENOMINACIÓN DO CONTRATO | Adjudicación a César Freiría Prado do contrato privado das Brincadeiras Miúdas (Programa Apego) | | | | | | | |
| TIPO DE CONTRATO | Contrato Privado por Razóns Artísticas | | | | | | | |
| OBXECTO DO CONTRATO | Brincadeiras Miúdas de Cé Orsquestra previstas para os días 4 e 5 de setembro no Parque do Ameneiral de Bertamiráns e na Carballeira de Ventín, sempre e cando as condicións climatolóxicas permitan o normal desenvolvemento da actividade. | | | | | | | |
| XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO CONTRATO | Dúas sesións de 2h e 30 min da actividade Brincadeiras Miúdas no Milladoiro e en Bertamiráns (música, obradoiro de xogo libre e obradoiros de creación de xogos) co obxectivo de dinamizar e fomentar o uso da lingua entre as crianzas dende o lecer. | | | | | | | |
| ADXUDICATARIO/A | César Freiría Prado con NIF: 36129107V | | | | | | | |
| PREZO DO CONTRATO-IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (Art. 102 LCSP) | <table border="1"> <tr> <td>BASE</td> <td>1.560 €</td> </tr> <tr> <td>IVE (10%)</td> <td>156 €</td> </tr> <tr> <td>Total prezo contrato</td> <td>1.716 €</td> </tr> </table> | | BASE | 1.560 € | IVE (10%) | 156 € | Total prezo contrato | 1.716 € |
| BASE | 1.560 € | | | | | | | |
| IVE (10%) | 156 € | | | | | | | |
| Total prezo contrato | 1.716 € | | | | | | | |
| PREZO DO CONTRATO -ANUALIDADES | Ano 2024. | | | | | | | |
| XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DO Art. 118.1 LCSP | O contrato proposto axústase ás características do contrato menor, por tratarse de actuacións de carácter puntual que responden a necesidades que non se repiten no tempo, polo que non supera os límites temporais e cuantitativos e cualitativos establecidos no artigo 118.1 da LCSP para este tipo de contratos, de forma que non se está alterando o obxecto co fin de evitar a aplicación dos límites establecidos no artigo 118.2 da LCSP. | | | | | | | |
| DURACIÓN DO CONTRATO | 2 días. A prestación do servizo será os días 4 e 5 de setembro de 2024, sempre e cando as condicións climatolóxicas permitan o normal desenvolvemento da actividade. | | | | | | | |
| FORMA DE PAGO DO PREZO | O contratista emitirá unha factura única de 1.716 euros á satisfacción da administración. Na factura deberán constar os conceptos detallados e desagregados por importe unitarios, tamén se fará referencia ó número de expediente (Expediente: 14816/2024). | | | | | | | |
| OUTROS | | | | | | | | |

SEGUNDO.- Autorizar e dispoñer o gasto por un importe total de **1.716 €**, con cargo á aplicación orzamentaria 3343.22609 do vixente orzamento municipal.

TERCEIRO.- Nomear como responsable do contrato, conforme ao artigo 62 da lcsp a Rosa Moreiras Cuñarro, ou persoa que o substitúa, ao que lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias coa finalidade de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

CUARTO.- Establecer como obrigas a cumprir pola empresa adjudicataria con respecto ao tratamento de datos de carácter persoal, ao amparo do rdl 14/2019, de 31 de outubro as

seguintes:

a) Do tratamento de datos de carácter persoal dos terceiros por parte do Concello de Ames.

Os datos persoais achegados para os efectos do procedemento de contratación, de persoa física que actúa por si mesma ou, no seu caso, como representante de persoa xurídica, así como os datos persoais de quen executará, no seu caso, o obxecto do contrato, serán tratados, en calidade de Responsable, polo Concello de Ames.

Os datos de carácter persoal serán tratados para a valoración da solvencia profesional dos licitadores e, en caso, de resultar adxudicatario o contratista, os datos serán tratados para a formalización da relación contractual, así como para a comunicación ou remisión de notificacións necesarias ou obrigatorias, en relación co control e execución do obxecto do contrato.

A base xurídica que lexitima o tratamento dos datos persoais é, por unha banda, o cumprimento por parte do Concello de Ames das obrigacións legais dimanantes da lexislación de contratos do sector público e, doutra banda, a formalización e execución do contrato, en caso de resultar adxudicatario ou contratista.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos, conforme á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ademais dos períodos establecidos na normativa de arquivos e documentación.

Os datos poderán ser cedidos ou comunicados aos órganos competentes da Administración pública contratante e, no seu caso, a outros entes públicos (Tribunal de Contas ou homólogo autonómico, Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais, Xulgados ou Tribunais, Axencia Tributaria, Axencia Antifraude ou outras entes ou organismos públicos) nos supostos previstos, segundo Lei.

Os datos poderán ser publicados, no seu caso, nos taboleiros, físicos ou electrónicos, nos diarios ou boletíns oficiais e, en particular, no perfil de contratante, disposto na páxina institucional ou sede electrónica do Concello de Ames.

De conformidade coa lexislación, europea e española, en protección de datos de carácter persoal, os titulares dos datos persoais poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, portabilidade e, no seu caso, oposición, mediante un escrito, acompañado de fotocopia do DNI, Pasaporte ou documento identificador equivalente, a presentar a través do Rexistro de Entrada do Concello de Ames.

En caso de estimar unha vulneración do dereito á protección de datos, poderá presentar unha reclamación, en primeiro lugar, ante o noso Delegado de Protección de datos dpd@concellodeames.gal ou, no seu caso, ante a Axencia Española de Protección de Datos www.aepd.es.

b) Das obrigas e responsabilidades en protección de datos de carácter persoal do contratista ou adxudicatario, en condición de Encargado de Tratamento (no caso de que proceda).

O contratista ou adxudicatario asumirá as seguintes obrigas e responsabilidades en protección de datos. Estas obrigas teñen a consideración de esenciais aos efectos do previsto na letra f) do apartado 1 do artigo 211 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

De acordo ca Disposición adicional 25ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, os contratos que implican o tratamento de datos de carácter persoal terán que respectar na súa integridade o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas en canto ao tratamento de datos persoais (RGPD), e a normativa complementaria, entre a cal se inclúe a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais

Quinto.- Notificar a presente resolución á entidade adxudicataria.

A 1ª Tenente de alcalde
Alcaldesa por delegación
(Decreto 2500/2024 de 12 de agosto de 2024)
Susana Señorís Rodríguez

A Secretaria

Rosa Ana Prada Queipo